



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LAXE

Oferta de emprego público do exercizo 2022

EDICTO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Por Resolución da Alcaldía núm. 577/2022, do 6 de outubro de 2022, aprobouse a seguinte oferta de emprego público, para dar cumprimento do previsto no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

PERSOAL LABORAL FIXO:

Denominación	Categoría	Número de prazas	Xornada	Sistema de acceso estabilización
Profesor/a de música (xornada parcial do 50%)	profesor	1	Parcial do 50%	concurso
Operario/a de servizos municipais	peón	2	Completa	concurso
Responsable Omix e oficina de turismo	encargado	1	Completa	concurso
Monitor/a deportivo/a	monitor	1	Completa	concurso
Guía turístico e medioambiental	guía turístico	1	Completa	concurso
Auxiliar administrativo/a	auxiliar administrativo	1	Completa	concurso
Auxiliar de axuda no fogar	auxiliar	3	Completa	concurso
Orientador/a laboral	técnico	1	Completa	concurso
Animador/a cultural	animador cultural	1	completa	concurso

O que se fai público para xeral coñecemento, advirtíndolles aos interesados/as que contra a dita resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñer, alternativamente, o recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo de un mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Laxe, a 10 de outubro de 2022

O 1º tenente de alcalde, Francisco Charlín Oróns

Delegación por ausencia (Resolución da Alcaldía núm. 509/2022, do 13/09/2022)

2022/6353